Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Presentación

A Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense está localizada no Edificio Xurídico Empresarial do Campus Universitario en pleno centro da cidade.

A oferta educativa para o próximo curso 2021-2022 no Centro é:

Títulos de Grao:

- **GRADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS20-**
- **GRADO EN TURISMO**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + ENXEÑERÍA INFORMÁTICA**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + DEREITO**
- **PROGRAMA CONXUNTO TURISMO + XEOGRAFÍA E HISTORIA**
- **GRAO EN ADE CON RECOÑECEMENTO MUTUO DE ESTUDOS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO E A HOCHSCHULE BREMENERHAVEN (ALEMAÑA)**

Desde o curso 2015-2016, grazas a un acordo de cooperacion Inter-Institucional con Hochschule Bremerhaven, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo oferta o **Programa de Dobre Grado Internacional** en Administración e Dirección de Empresas (Business Administration & Management) da **Universidade de Vigo** e Bachelor of Arts in Business Administration en **Hochschule-Bremerhaven**. Ademais, por terceiro ano consecutivo ofértase o programa **ADE INTERNACIONAL** con mais de 60 créditos impartidos en inglés. No curso 2016-2017 iníciase a oferta do programa **TURISMO INTERNACIONAL** con mais de 39 créditos impartidos en inglés.

Con estes acordos e programas a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo aposta pola internacionalización dos estudos e a participación dos estudantes en programas de movilidade e intercambio, abrindo un abanico a novos horizontes e opcións de futuro.

En canto á oferta de POSGRAOS da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo:

- **MESTRADO OFICIAL EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO**
- **MESTRADO OFICIAL EN XESTION EMPRESARIAL DO DEPORTE**

Para obter máis información visita a nosa páxina web http://www.fcetou.uvigo.es/

¡Ven a visitarnos!

Organigrama

EQUIPA DECANAL

Decana

María Montserrat Cruz González
Teléfono: 988 368 800
e-mail: decano.eto@uvigo.es

Secretario
Alberto Vaquero García
Teléfono: 988 368 762
e-mail: secretario.facultade.eto@uvigo.es

Vicedecano de Ordenación Académica
Francisco Tugores Martorell
Teléfono: 988 368 770
e-mail: ftugores@uvigo.es

Vicedecano de Estudos de Grao e Xestión Informática
Javier Sánchez Sellero
Teléfono: 988 368 742
e-mail: javiss@uvigo.es

Vicedecano de Calidade
Juan Manuel de los Rios Sánchez
Teléfono: 988 368 816
e-mail: jmrios@uvigo.es

Vicedecana de Relacións Internacionais
Elena De Prada Creo
Teléfono: 988 368 726
e-mail: edeprada@uvigo.es

Localización

Edificio Xurídico-Empresarial
Campus Universitario As Lagoas
32004 Ourense

Conserxería: + 34 988 368 700
Secretaría de alumnado: +34 988 368 803; administracion.eto@uvigo.es
Secretaría de Decanato: +34 988 368 800; secretario.eto@uvigo.es
Relacións Internacionais: edeprada@uvigo.es
Información xeral: info.eto@uvigo.es
Fax: + 34 988 368 923

Páxina web: www.fcetou.uvigo.es

PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O04G740V01211	Historia: Introdución á etnoloxía	1c	6
O04G740V01212	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	1c	6
O04G740V01213	Historia: Fontes de información en humanidades	1c	6
O04G740V01214	Xeografía: Fundamentos de xeografía física	1c	6
O04G740V01215	Historia antiga universal	1c	6

O04G740V01216	Linguas estranxeiras para o turismo IA: inglés	1c	3
O04G740V01217	Linguas estranxeiras para o turismo IB: francés	1c	3
O04G740V01218	Linguas estranxeiras para o turismo IC: alemán	1c	3
O04G740V01219	Linguas estranxeiras para o turismo ID: portugués	1c	3
O04G740V01221	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II	2c	6
O04G740V01222	Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas II	2c	6
O04G740V01223	Dereito: Lexislación turística	2c	9
O04G740V01224	Estatística	2c	6
O04G740V01225	Patrimonio cultural	2c	6
O04G740V01226	Linguas estranxeiras para o turismo IIA: inglés	2c	3
O04G740V01227	Linguas estranxeiras para o turismo IIB: francés	2c	3
O04G740V01228	Linguas estranxeiras para o turismo IIC: alemán	2c	3
O04G740V01229	Linguas estranxeiras para o turismo IID: portugués	2c	3

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia: Introdución á etnoloxía				
Materia	Historia: Introdución á etnoloxía			
Código	O04G740V01211			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Profesorado	Comendador Rey, Beatriz Pilar Mouriño Schick, Andrea			
Correo-e	beacomendador@uvigo.es			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Arte: Linguaxes e técnicas artísticas				
Materia	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			
Código	O04G740V01212			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Nodar Fernández, Victoriano			
Profesorado	Nodar Fernández, Victoriano			
Correo-e	vnodar@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia que se presenta baixo o título de Linguaxes e técnicas artísticas, non se presenta como unha historia da arte no sentido estrito do concepto, se non que, indo máis alá do contido histórico, reúne unha serie de conceptos básicos que o futuro historiador da arte debe coñecer. O obxectivo fundamental é aproximar ao estudante que se inicia na titulación, á comprensión do fenómeno artístico dende a análise ou lectura formal dos elementos primordiais de expresión que constitúen cada unha das artes. Así obteríanse uns coñecementos que permitirían a reconstrución tan obxectiva como sexa posible de todos aqueles aspectos que contribúan a coñecer e comprender a forma e a función orixinal das obras de arte para, en cursos posteriores, poder ser estudadas en relación coas circunstancias nas que foron realizadas. Desta forma, a materia organízase como un compendio de contidos orientados a promover a reflexión sobre a natureza e función da obra de arte e sobre as peculiaridades das distintas linguaxes artísticas. Unha inevitable delimitación de campos científicos determina que a materia se centre na análise das distintas linguaxes tradicionais, dende a arquitectura ás chamadas artes visuais e decorativas.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.	
Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos que as vehiculan.	
Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	
Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	
Comprensión das principáis creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte	

Contidos	
Tema	
1. Teoría e linguaxe da arquitectura	1.1. Elementos formais do espacio arquitectónico 1.2. Función, símbolo e tipoloxías arquitectónicas 1.3. Tratados de arquitectura
2. Artes visuais e decorativas	2.1. A arte da escultura: materiais, procedementos técnicos e plásticos, función e significado 2.2. A arte da pintura: elementos formais e plásticos. As técnicas pictóricas e as súas posibilidades 2.3. Fontes literarias e técnicas
3. As artes decorativas e suntuarias	3.1. Fontes e técnicas das artes decorativas: materiais, elaboración e evolución histórica.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1

Lección maxistral	24	10	34
Eventos científicos	4	20	24
Saídas de estudo	4	10	14
Traballo tutelado	3	20	23
Obradoiro	4	10	14
Seminario	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	24	28
Observación sistemática	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións previas orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e toma de contacto co alumnado
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos teóricos da materia con apoio de material gráfico e didáctico
Eventos científicos	Saídas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por especialistas de institucións museísticas. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Saídas de estudo	Práctica de campo para o estudio in situ das planimetrías e tipoloxías arquitectónicas e dos diferentes xéneros artísticos
Traballo tutelado	Realización e exposición por parte do estudante dun traballo individual tutelado, relacionado cos contidos da materia, iniciándose no manexo das fontes bibliográficas, documentais e literarias
Obradoiro	Acitivdades prácticas orientadas á planificacción dos traballos tutelados e á súa exposición así como outros aspectos complementarios da materia.
Seminario	Atención titorizada en grupo para a atención e resolución de aspectos derivados da aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudio, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Seminario	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudio, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudio, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Moovi Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Os traballos tutelados serán avaliados en función do interese, bibliografía e metodoloxía empregada, así como dos recursos empregados na súa exposición. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados. Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte. Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos artísticos básicos.	20	
Obradoiro	As prácticas realizadas nos obradoiros serán avaliadas mediante a entrega dos exercicios realizados nas diferentes sesións de traballo. Os resultados de aprendizaxe avalidados son: Coñecemento dos fundamentos da arte e das técnicas artísticas. Comprensión das diferentes técnicas artísticas utilizadas nas obras de arte.	10	

Resolución de problemas e/ou exercicios	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta. Para superar esta proba é necesario obter un mínimo de 5 puntos (sobre os 10 do total). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico. Coñecemento e compresión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos. Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	60
Observación sistemática	Valoración do traballo autónomo do alumnado a través de probas de autoavalliación a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollen á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación dos alumnos a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatíticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialida de necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *a dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos/as que non poidan acollerse á avaliación contínua, deberán comunicarlo ao profesor no inicio do curso, debidamente xustificado. Serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BONET CORREA, Antonio, **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, 2ª, Catedra, 2006

BOZAL, Valeriano, **El lenguaje artístico**, 1ª, Península, 1970

CALABRESE, Omar, **El lenguaje del arte**, Reimp., Paidós, 2003

CARMONA MUELA, Juan, **Iconografia de los santos**, Reimp., Akal, 2008

FATÁS, Guillermo, BORRÁS, Gonzalo M., **Diccionario de términos de arte y elementos de arqueología, heráldica y numismática**, 4ª, Alianza, 2012

Bibliografía Complementaria

CALABRESE, Omar, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra, 1999

CARMONA MUELA, Juan, **Iconografía cristiana**, 4ª reimp., Akal, 2016

DOERNER, Max, **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, 6ª, Reverté, 2011

MALTESE, Corrado, **Las técnicas artísticas**, Reimp., Cátedra, 2006

MONREAL Y TEJADA, Luis, **Iconografía del cristianismo**, 2ª reimp., Acantilado, 2014

WITTKOWER, Wittkower, **La escultura: procesos y principios**, Reimp., Alianza, 2006

VV.AA., **Diccionario visual de términos de arte**, Reimp., Cátedra, 2015

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de términos e voces de arte e arquitectura para a comprensión das diferentes disciplinas de Historia da Arte.
Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen
Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos...) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican
As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.
Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas...) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións
Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional
Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi.
Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.
A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia: Fontes de información en humanidades				
Materia	Historia: Fontes de información en humanidades			
Código	O04G740V01213			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	A materia Fontes de Información en Humanidades permite ao alumnado identificar e coñecer a natureza, función e tipoloxía das principaiss fontes de información no ámbito das humanidades. Permite tamén coñecer e utilizar os principais instrumentos e recursos de recompilación de información existentes, co fin de elaborar repertorios de fontes de información en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Por último, capacita aos estudantes para utilizar con destreza distintos estilos de citas e referencias bibliográficas.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos recursos de recompilación e busca de información xerais.	
Dominio dos instrumentos de recompilación de información en humanidades.	
Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	
Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información.	

Contidos	
Tema	
1.- Fontes de Información xeral	1.1.- Conceptos e vocabulario básico sobre fontes de información. 1.2.- Fontes de información xeral (formatos e soportes). 1.3.- Transferencia e normalizaión da información. 1.4.- Fontes de información especializada.
2.- Recuperación de información en humanidades.	2.1.- Necesidades de información e tipoloxía das fontes primarias e secundarias en Historia, Historia da Arte e Xeografía. 2.2- Recursos para identificar e localizar información en humanidades.
3.- Sistemas de citas e referencias bibliográficas.	3.1.- Normas e estilos de citas e referencias bibliográficas. 3.2.- Xestores bibliográficos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	12	24
Eventos científicos	2	0	2
Resolución de problemas	10	10	20
Traballo tutelado	15	20	35
Resolución de problemas de forma autónoma	6	15	21
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17
Cartafol/dossier	1	20	21
Presentación	1	8	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións de aula encamiñadas a tomar contacto co alumnado, presentar a materia e coñecer as súas competencias, motivacións e intereses.
Lección maxistral	Exposicións introdutorias nas que se familiarizará o alumnado coas principais fontes de información, a súa valoración crítica, os recursos de recompilación existentes e a utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Resolución de problemas	Sesións na aula de informática nas que se traballará a procura, selección, recuperación e estilos de citas de fontes bibliográficas.
Traballo tutelado	Actividades en grupo nas que se tutelará a realización dun proxecto consistente na procura, selección e valoración das fontes de información necesarias para o estudo dun mosteiro galego.
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballo autónomo do alumnado consistente na realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia a través de Moodle.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Orientación e guía realizada durante a procura de fontes de información a través de recursos electrónicos e a elaboración da memoria, bibliografía e exposición dos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en MooVi).
Resolución de problemas	Orientación e guía realizada durante os exercicios de procura, selección, recuperación e estilos de citas de fontes bibliográficas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en MooVi).
Probas	**Descrición**
Cartafol/dossier	Orientación e guía para a elaboración dun informe pormenorizado sobre o proceso de procura e selección das fontes de información integradas no traballo de curso, así como sobre a valoración das fontes seleccionadas que incluirá bibliografía final e citas ao rodapé. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Aula Virtual en Campus Remoto (enlace en MooVi).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios e exercicios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades.	10	
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado examinarase dos seus coñecementos sobre os contidos teóricos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos recursos de recompilación e búsqueda de información xerais. Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	40	

Cartafol/dossier	O alumnado elaborará e entregará a través de MooVi un informe pormenorizado sobre o proceso de procura e selección das fontes de información integradas no traballo de curso, así como a valoración das fontes seleccionadas que incluirá bibliografía final e citas ao rodapé. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos de recompilación de información en Humanidades. Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	45
Presentación	Presentación dos resultados obtidos no traballo de curso, na que participarán todos os integrantes do grupo, que serán cualificados de forma individual. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade de selección e valoración crítica das fontes de información. Destreza na utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.	5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (DLE-RAE).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todo o alumnado matriculado na materia ten dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles estudantes que non se acollan á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita (45% da nota final), un traballo obrigatorio que recollerá, valorará e citará as fontes de información necesarias para o estudo dun mosteiro ourensán (50% da nota final) e será presentado oralmente (5% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALÍA MIRANDA, F., **Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas**, Trea, 1998

BROCOS, J. M.; ORTIZ, C., **Métodos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades**, Universitat de Barcelona, 2006

ROMANOS DE TIRATELI, S., **Guía de fuentes de información especializadas: humanidades y ciencias sociales**, GREBYD, 2000

AGUILERA ARILLA, Mª J. et al., **Fuentes, tratamiento y representación de la información geográfica**, UNED, 2003

Bibliografía Complementaria

CARRIZO SAINERO, G., **La información en ciencias sociales**, Trea, 2000

Fuentes y documentos para la historia del arte, Gustavo Gili, 1982-1983

CARRIZO SAINERO, G. et al., **Manual de fuentes de información**, Confederación Española de Gremios y Asociaciones d, 2000

CORDÓN GARCÍA, J. A. et al., **Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica**, Pirámide, 1999

LÓPEZ YEPES, J. (coord.), **Manual de ciencias de la documentación**, Pirámide, 2006

LÓPEZ CARREÑO, R., **Fuentes de información : guía básica y nueva clasificación.**, UOC, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos) manteranse mediante a utilización combinada de MooVi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.
Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de MooVi (foros, corrección comentada de tarefas) e de Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizan outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes da avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de MooVi
Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en MooVi.
A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en MooVi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xeografía: Fundamentos de xeografía física				
Materia	Xeografía: Fundamentos de xeografía física			
Código	O04G740V01214			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Correo-e	edeuna@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia de formación básica. Trata dos fundamentos teóricos e metodolóxicos cara o coñecemento global dos sistemas naturais, e as súas aplicación no contexto da sociedade. Integra o estudo das propiedades dos principais componentes (relevo, augas, clima, biota), as súas interaccións e configuración nas unidades biofísicas da superficie da terra.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía	
Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	
Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	

Contidos	
Tema	
1. Bases teórico-metodolóxicas	1.1 Campo científico da Xeografía Física 1.2 Elementos e escalas
2. Sistemas naturais	2.1 Componentes maiores 2.2 Interaccións dinámicas 2.3 Patrimonio natural
3. Fenómenos de cambio	3.1 Riscos naturais 3.2 Intervención humana

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	4	8
Lección maxistral	21	12	33
Eventos científicos	6	4	10
Saídas de estudo	6	8	14
Traballo tutelado	3	17	20
Foros de discusión	0	15	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	20	24
Presentación	3	10	13
Observación sistemática	3	10	13
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición

Actividades introdutorias	Toma de contacto docente/alumnado que inclúe presentación da materia, información do nivel de coñecementos do grupo, adquisición dos conceptos fundamentais e realización de pequeñas tarefas instrumentais.
Lección maxistral	Explicación dos contidos e desenvolvemento de acción formativas de razoamento, análise e síntese polo docente no ámbito da teoría da materia.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, debates e xornadas que permiten afondar nos aspectos teórico-prácticos da materia.
Saídas de estudo	Aplicación dos coñecementos a situación concretas, fora do espazo académico, para adquisición de habilidades e destrezas básicas.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Foros de discusión	Actividades desenvolvidas nun contorno virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introducción os materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).
Saídas de estudo	A atención personalizada consistirá no acompañamento e motivación activa na actividade, o desenrolo da capacidade de atención/observación participativa e o apoio para o uso de técnicas ou instrumentos específicos. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado realizará un cuestionario razoado, de análise e interpretación dos aspectos relacionados coa temática teórica da Xeografía Física. As cuestións plantexadas requiren una resposta estructurada e reflexiva. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía; Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	60	
Presentación	Entrega e exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes (presencial e virtual) dun tema sobre contidos da materia inserido nos resultados do traballo tutelado. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	30	
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado, valorando aprendizaxes e accións (orde, precisión, destreza, eficacia, participación activa) a través do traballo autónomo en todos os escenarios docentes. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización

dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aquéles que non poidan acollerse á modalidade de avaliación continua serán avaliados do programa da materia mediante unha proba teórica final e un traballo final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ayala, F. & Olcina, J., **Riesgos naturales**, 1, Ariel Geografía, 2002

Clifford, N.J. (Coord.), **Key Concepts in Geography**, 2, Sage, 2009

Gregory, K., **The Earth´s Land Surface**, 1, Sage, 2010

López Bermúdez, F. et al, **Geografía Física**, 1, Cátedra, 1992

Tarbuk, E. & Lutgens, F., **Ciencias de la Tierra**, 1, Prentice Hall, 1999

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xeografía: Fundamentos de xeografía humana/O02G251V01201

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase unha documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Todas as actividades docentes manteranse mediante a utilización combinada de MooVi e Campus Remoto
* Metodoloxías docentes que se modifican
As saídas de campo que non poidan realizarse substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc. Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.
* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de MooVi e do Campus Remoto
* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarán os contidos
* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas. Ampliarase no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
* Outras modificacións
Non se realizarán outras modificacións
=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia

* Información adicional
Os exames realizaranse a través das ferramentas de MooVi ou das aulas do Campus Remoto. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán descargarse a través dunha tarefa en MooVi. A entrega dos exames ou traballos, sempre que sexa posible, poderá realizarase tamen en MooVi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderase utilizar como vía alternativa o correo electrónico.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia antiga universal				
Materia	Historia antiga universal			
Código	O04G740V01215			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Reboreda Morillo, Susana María			
Profesorado	Reboreda Morillo, Susana María			
Correo-e	rmorillo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	A materia de Historia Aniga Universal impártese no 2º curso do grao en Xeografía e Historia e está incluída no bloque de Historia Universal. Neste conxunto, cronoloxicamente, está a continuación da Prehistoria Universal, impartida no 1º curso e antes da Historia Medieval Universal, que se imparte neste mesmo curso. O seu cometido principal e achegar ao alumnado as principais características de dúas culturas no momento en que se asentaron como Estado: primeiros estados: Exipto e Grecia, así como establecer elementos comparativos entre as distintas formas nas que se manifestou o poder en relación co territorio, a sociedade e a relixión.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	
Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	

Contidos	
Tema	
Tema 1. Aspectos introdutorios	1.1 Definición e límites da Historia Antiga 1.2. Conceptos e problemática 1.3. Os territorios e os seus límites cronolóxicos
Tema 2. As distintas formas do Estado nos respectivos territorios. Evolucións e límites	2.1. Exipto: O poder unipersonal e a unificacion do territorio. As principais razóns das crises 2.2. Grecia: Da Idade do Bronce á do Ferro. Da monarquía ao sistema das poleis ou cidades-estado independentes
Tema 3. Sociedade e Relixión	3.1 Os principais grupos sociais de Exipto na Antigüidade. 3.2 Os principais grupos socias na Grecia Clásica: Atenas e Esparta. 3.3. Introdución á relixión exipcia. 3.4. Introdución a relixión grega

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	21	23	44
Eventos científicos	2	0	2
Obradoiro	12	27	39
Traballo tutelado	3	15	18
Seminario	3	3	6
Presentación	4	10	14
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	19	20
Autoavaliación	1	1	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Realización dun cuestionario (subido á plataforma) para autoavaliar os coñecementos previos sobre a Historia Antiga. Debate na aula ou no campus remoto sobre os coñecementos previos sobre a Historia Antiga e aclaración dos aspectos básicos
Lección maxistral	O material docente empregado na aula será subido con antelación á plataforma de teledocencia, así como outros documentos con contidos teóricos que faciliten a comprensión do temario impartido. As exposicións serán previamente gravadas e subidas á plataforma Moovi
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o departamento de Historia, Arte e Xeografía e/ou a Facultade de Historia. Na medida do posible é recomendada a súa asistencia; en caso contrario, serán gravadas e deberán visualizarse de xeito virtual.
Obradoiro	Análise individual do material práctico subido a plataforma, na súa maioría textos clásicos que fan referencia á teoría impartida. Realizarase un debate sobre o texto, analizando e interpretando esa fonte primaria; neste caso, de xeito complementario, se deberá entregar un título e un resumo das ideas principais e secundarias. Se non é posible participar do debate (presencial ou virtual) a reflexión farase por escrito, e entregarse no apartado de tarefas da plataforma Moodle. As dúbidas poden ser consultadas polas vías explícitas no apartado de atención personalizada. Máxima extensión dúas carillas A4.
Traballo tutelado	Deberase escoller un tema relacionado coa relixión en Exipto ou en Grecia (dos propostos na lista ou a iniciativa propia)
Seminario	Aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto daquelas relacionadas ca teoría, como cas diversas prácticas (seminarios, traballos tutelados).
Presentación	O traballo tutelado sobre relixión será seleccionado dunha lixtase ou ben a proposta do alumnado. Pode ser realizado por 1 ou 2 persoas. O traballo será entregado na plataforma, na tarefa correspondente, en formato PDF ou en Power Point. O traballo expoñerase na aula ou no campus remoto en aproximadamente 15 minutos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais das actividades relacionadas ca análise de textos clásicos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Seminario	A aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto dos aspectos teóricos como daqueles relacionadas co seminario, traballos tutorizados individuais ou en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Traballo tutelado	Nos traballos tutelados (relixión) prestarase axuda personalizada tanto no momento da elección (listado subido á plataforma ou proposta do estudantado) como no seu desenvolvemento a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).
Presentación	Previo a presentación, se se precisa, buscarase asesoramento sobre a maneira máis adecuada de levar a cabo a presentación. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (Moovi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en Moovi).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Obradoiro	Análises e comentarios críticos das fontes que proporcionan o coñecemento da historia antiga: textos, iconografía e material arqueolóxico. Poderá completarse cun análise crítico dalgún documental visionado na aula e/ou subido á plataforma. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia. Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	10
Traballo tutelado	Un traballo individual ou en grupo (máximo dúas persoas), no que se analice un aspecto da relixión, a elixir entre Exipto ou Grecia. O tema concreto poderá escollerse dun listado ou propoñelo directamente. Preferiblemente se exporá, senón, xustificadamente, poderá ser presentado por escrito. En calquera caso entregarase en formato electrónico (PDF ou Power Point) a través de FaiTic. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	25
Presentación	As presentacións e exposicións relaciónanse co traballo tutelado, relativo a un aspecto significativo da relixión e será exposto na aula ou a través de e-Meeting. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Esta proba escrita está unida á da Sesión maxistral. Consistirá en preguntas concretas sobre a temática exposta na aula e/ou subida á plataforma, tanto de carácter teórico como práctico. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos princiapais da Historia xeral ou universal. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia.	15
Autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle e a realización dunha biografía dun persoaxe salientable. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	Esta proba escrita está unida a de resposta curta. A través dela se valorará o coñecemento o contido adquirido das sesións maxistrais expostas na aula e/ou do material subido á plataforma, tanto de carácter teórico como práctico. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia xeral ou universal.	35

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é imprescincible acadar a cualificación de 5 entre a proba de sesión maxistral e de resposta curta, ademáis os coñecementos de Exipto e de Grecia deben ser equilibrados, é dicir, non se poderá alcanzar esa puntuación se non se demostra un coñecemento básico de cada unha das culturas.

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poder seguir a materia a través do Curso Virtual na plataformade teledocencia Molde, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición dascompetencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Así mesmo as sesións maxistrais serán previamente gravadas.Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ouremota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras quepermitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TICfarase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ouexercicios en liña, etc.).O estudante deberá cumplir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmodeberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a *dispor como alternativa de probas de avaliación global* (artigo 64.g dos Estatutos da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación contínua, serán avaliados doscontidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio querepresentará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Beltran, F. y Marco F., **Atlas de Historia Antigua**, Pórtico, 1996

García Moreno, L. (dir.), **Historia del mundo clásico a través de sus textos. I. Grecia**, Alianza Editorial, 1999

Gómez Espelosín, J., **Historia de Grecia en la Antigüedad**, Akal, 2011

Hernández de la Fuente, D.; López Melero, R., **Civilización griega**, Alianza Editorial, 2014

Assmann, J., **Egipto a la luz de una teoría pluralista de la cultura**, Akal, 1995
Kemp, B.J., **El Antiguo Egipto: Anatomía de una civilización**, Crítica, 1996
Sanmartín Ascaso, J., **Historia antigua del próximo Oriente: Mesopotamia y Egipto.**, Akal, 1998

Bibliografía Complementaria

Bravo, G., **Historia del mundo antiguo: una introducción crítica**, Alianza, 2008
Domínguez Monedero A.; Pascua, J.I, **Atlas histórico del mundo griego antiguo**, Síntesis, 2006
Fernández Neto, J. (dir.), **Historia antigua de Grecia y Roma**, Tirant lo Blanch, 2005
Gómez Espelosín, J., **Historia de Grecia Antigua**, Akal, 2001
Iriarte Goñi, A., **Historiografía y mundo griego**, Universidad del País Vasco, 2011
Lara Peinado, F. (dir.), **Diccionario de instituciones de la antigüedad**, Cátedra, 2009
Vernat, J.-P. (dir.), **El hombre griego**, Alianza Editorial, 1993
Hornung, E., **Introducción a la Egiptología: estado, métodos, tareas**, Trotta, 2000
Baines, J., **Egipto: dioses, templos y faraones**, Folio, 1993
Brewer, D.J., **Historia de la Civilización egipcia**, Crítica, 2007
Hagen, R.-M., **Egipto: hombres, dioses y faraones**, Taschen, 1999
James, T.G.H., **El pueblo egipcio: la vida cotidiana en el imperio de los faraones.**, Crítica, 2004
Parra Ortíz, J.M. (coord.), **El Antiguo Egipto: sociedad, economía, política**, Marcial Pons, 2009
Schulz, R. Seidel, M., **Egipto. El mundo de los faraones.**, Könemann, 2007
Urruela, J.J., **Egipto: política, economía y sociedad**, Universidad de Salamanca, 2006
David, R., **Religión y magia en el antiguo Egipto**, Crítica, 2004
VV.AA, **Mitología y Religión del Oriente Antiguo**, Sabadell, 1993
Wilkinson, R.H., **Todos los dioses del Antiguo Egipto**, Oberon, 2003
Buxton, R. G. A., **Todos los dioses de Grecia**, Oberon, 2004
March, J., **Diccionario de mitología clásica**, Crítica, 2002
Hernández de la Fuente, D., **Mitología clásica**, Alianza Editorial, 2015

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todo o alumnado debe estar dado de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos□) manteranse mediante a utilización combinada de Moovi e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican
As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.
Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de Moovi (foros, corrección comentada de tarefas□) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións
Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional
Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de Moovi.
Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en Moovi.
A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en Moovi. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IA: inglés				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IA: inglés			
Código	O04G740V01216			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Llantada Díaz, María Francisca			
Profesorado	Llantada Díaz, María Francisca			
Correo-e	fanny.llantada@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Intensificación e perfeccionamento do idioma inglés, con especial aplicación no sector turístico.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en inglés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en inglés, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en inglés, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
1. Destinations.	1. Destinations. 1.1. Vocabulary: Weather, climate, features and attractions, statistics for economic development. 1.2. Professional skills: offering advice. 1.3. Grammar: Articles.
2. Things to do.	2. Things to do. 2.1. Vocabulary: Describing attractions, geographical features, activities, works of art, calculating entrance fees and prices. 2.2. Professional skills: Speaking to a group. 2.3. Grammar: Conditional structures with if.
3. Accommodation.	3. Accommodation. 3.1. Vocabulary: Types of accommodation, facilities and services. 3.2. Professional skills: Dealing with complaints. 3.3. Grammar: Modal verbs.

4. Running a hotel.	4. Running a hotel. 4.1. Vocabulary: -ed/-ing adjectives, hotel statistics. 4.2. Professional skills: Making presentations. 4.3. Grammar: Have/get something done.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	2.5	10	12.5
Lección maxistral	5	2	7
Resolución de problemas	3.75	15.75	19.5
Actividades introdutorias	1.75	1	2.75
Prácticas de laboratorio	7	18.25	25.25
Seminario	1	4	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	Profundización nos contenidos dos bloques temáticos complementado co traballo on-line, familiarización cas TICs e desenvolver competencias como o traballo en equipo.
Lección maxistral	Exposición dos contenidos fundamentais do curso tanto teóricos como prácticos
Resolución de problemas	Práctica a través de exercicios de distinto tipo nas diferentes destrezas comunicativas tanto na súa faceta receptiva como productiva
Actividades introdutorias	Preparación para a asignatura tanto a nivel gramatical como léxico. Consolidación das principais funciones comunicativas necesarias para o exercicio profesional no sector turístico
Prácticas de laboratorio	Práctica contextualizada das diferentes destrezas comunicativas emulando situacións habituáis no desenvolvemento da actividad profesional no ámbito do turismo
Seminario	Traballo en profundidade sobre temas específicos do ámbito turístico cun enfoque profesional no que se poidan poñer a proba as competencias a adquirir na materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Seminario	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización dos proxectos da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de realización dos mesmos.
Resolución de problemas	Actividade académica desenvolvida de forma individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa resolución de problemas e ou exercicios da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Actividades introdutorias	Actividade académica desenvolvida na clase, que ten como finalidade presentar a materia e realizar unhas actividades introdutorias, atendendo ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Prácticas de laboratorio	Actividade académica desenvolvida en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa realización das prácticas de laboratorio, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización e presentación dun tema	20	
Lección maxistral	Análisis da adquisición de contidos globais presentados nestas sesiones	10	

Resolución de problemas	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contenidos xerais do curso	10
Actividades introdutorias	Evaluación de competencias comunicativas	5
Prácticas de laboratorio	Realización de exercicios e actividades contextualizadas. Léxico específico	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de exercicios e actividades nas áreas de léxico, gramática, comprensión oral e escrita e producción oral e escrita	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios e actividades prácticas que resuman os contidos xerais do curso nas principales destrezas comunicativas orales	15

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DAS ACTAS:

O alumnado poderase acoller á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2). O alumnado deberá pór en coñecemento do docente a cal das dúas opcións se acolle. Aqueles que se acollan á avaliación continua deberán entregar ao longo das dúas primeiras semanas das clases unha ficha cuberta e cunha fotografía. A non comunicación, non entrega da ficha e/ou non realización das probas previstas para a avaliación continua suporán automaticamente a avaliación única.

Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis adecuado para a aprendizaxe da materia.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, computador, teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade respecto diso.

A.1) Avaliación continua

Para acollerse á avaliación continua o alumnado deberá realizar as seguintes probas:

- Speaking 20%: Dúas probas (10%+10%) que terán lugar nas datas indicadas no cronograma.

- Writing (20%): Dúas probas: (10%+10%) que terán lugar nas datas indicadas no cronograma.

- Listening (10%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

- Reading (10%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

- Use of English (40%): unha proba que terá lugar na data indicada no cronograma.

As datas das probas de avaliación continua serán anunciadas no cronograma publicado na páxina web da Facultade e tamén en Moovi.

Para superar a materia será necesario:

1) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media aritmética das probas escritas: Use of English (40%), Writing (10%+10%), Listening (10%) and Reading (10%).

2) Obter unha nota mínima de 5 como resultado da media aritmética das dúas probas de speaking (10%+10%).

Os exames e probas da avaliación continua non realizadas contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación continua. Para a segunda edición das actas (xullo 2022) conservaranse as partes aprobadas da materia: a) parte escrita da materia (incluíndo Use of English, writing, reading e listening) b) parte oral da materia (speaking).

A.2) Avaliación única

O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningunha proba parcial poderá presentarse á avaliación única, que consistirá nunha única proba global final que computará o 100% da cualificación final. O exame final escrito terá as seguintes porcentaxes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (10%), Listening (10%).

O examen oral final (só para o alumnado de avaliación final) terá lugar no mesmo día que o exame escrito final e suporá o 20% da nota final.

Para aprobar a materia, será necesaria unha nota mínima de 5 tanto no exame escrito como no exame oral. Os exames de avaliación única non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias da avaliación única.

A data desta proba de avaliación única da primeira edición das actas será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. Para a segunda edición de actas (xullo 2022) conservaranse as partes aprobadas: a. exame oral (speaking) ou b. exame escrito (incluíndo use of English, writing, reading e listening).

B) SEGUNDA EDICIÓN DAS ACTAS (Xullo):

O alumnado que suspenda ou non se presente á primeira edición das actas será avaliado na segunda edición en xullo mediante unha proba única que terá as mesmas características que a proba única da primeira edición de actas:

- O exame escrito terá as siguientes porcentaxes: Use of English (40%), Writing (20%), Reading (10%), Listening (10%).

- O exame oral terá lugar no mesmo día que o exame escrito e suporá un 20% da nota final.

Para aprobar a materia, será necesario obter unha nota mínima de 5 tanto no exame escrito como no exame oral. Os exames da segunda edición das actas non realizados contarán como un 0 á hora de calcular as medias.

A data desta proba de xullo será fixada pola facultade e publicada na súa páxina web. De non superar a materia en xullo 2022, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores, xa que as partes superadas carecerán de validez para datas posteriores.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Rowe, Anne, Fiona & Borein, John D. Smith, **Travel and tourism : standard level**, Cambridge University Press, 2002

De Prada Creo, Elena, **Travel, Leisure and Socializing for Spanish Speakers**, T&T, 2012

Jones, Leo, **Welcome! : English for fhe travel and tourism industry**, Cambridge University Press, 1998

Strutt, P., **English for International Tourism, Intermediate**, Pearson Education Limited, 2013

Harding, Keith & Paul Henderson, **High season : English for the hotel and tourist industry**, Oxford University Press, 1995

Strutt, P., **English for International Tourism, Upper intermediate**, Pearson Education Limited, 2013

O'Hara, Francis, **Be my Guest**, Cambridge University Press, 2002

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Inglés para turismo/O04G240V01204

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID- 19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dunha maneira mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

No caso de ter que adoptar a docencia non presencial, non haberá ningunha modificación e mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta: Unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IB: francés				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IB: francés			
Código	O04G740V01217			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García Fernández, Manuel Ángel			
Profesorado	García Fernández, Manuel Ángel			
Correo-e	manuelangel.garcia@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo introducir ao alumno a lingua francesa no contexto turístico (nivel A1).			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en francés procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en francés, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en francés, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
1.Dar e presentar información sobre si mesmo e presentar un profesional do turismo.	As nacionalidades. Os sectores do turismo. Gramática: 0 presente do indicativo (1).
2. Falar das cualidades e dos seus gustos. Entender informacións.	As cualidades profesionais. Gramática: xénero e número dos adxectivos cualificativos.
3. Descubrir as profesións do turismo e establecer un cuestionario.	As profesións do turismo. Gramática: o presente do indicativo (2); a interrogación directa.
4. Entender e redactar un mail de petición de prácticas.	A comunicación escrita profesional (1). Gramática: os verbos modais (pouvoir, vouloir, devoir).
5. Identificar os soportes informáticos e contestar a peticións de informacións.	A documentación turística. As preguntas frecuentes. Gramática: os adxectivos demonstrativos e posesivos.
6. Entender un desplegable turístico. Propoñer actividades personalizadas.	As actividades turísticas. Gramática: os artigos contractos e partitivos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	1	0	1
Resolución de problemas	11	12	23
Prácticas de laboratorio	4	0	4
Resolución de problemas de forma autónoma	2	27	29
Lección maxistral	4	0	4
Exame de preguntas obxectivas	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	3	3
Práctica de laboratorio	0	4	4
Traballo	0	3	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Seminario	Entrevistas que o alumno manten co profesorado da asignatura para asesoramento/desenrolo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxeto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxeto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Abrirase pequenos debates ao finalizar cada bloque de contidos
Seminario	Consistirá en sesións colectivas sobre dúbidas.
Prácticas de laboratorio	Ofrecerase avaliación retroactiva ao finalizar cada práctica.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	25	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.	25	
Práctica de laboratorio	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia. Estas probas serán orales e escritas	30	
Traballo	Os alumnos deberán realizar un glosario bilingüe correspondente a cada un dos temas da materia.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira convocatoria os alumnos deberán asistir a clase para beneficiarse da avaliación contínua (con máis de 3 faltas sen xustificar perderase o dereito a avaliación continua) que consistirá na recollida de tarefas e actividades de clase ou casa (30%), 2 controis durante o cuatrimestre (50%, mínimo 5) e a entrega dun glosario bilingüe (20%) o último día da avaliación. Para a avaliación contínua, será necesario comprar o método de lingua que se utiliza en clase (Le Français en contexte: tourisme. Edición: Maison des langues, 2014) e traelo a diario. Aqueles alumnos que non superen a materia durante o curso terán que presentarse ao exame final escrito (80%, mínimo un 5) e facer a entrega do glosario (20%). Tamén poderán presentarse ao examen final aqueles alumnos que desexen subir nota. Na segunda convocatoria os alumnos deberán presentar o glosario (20%) que corresponda a cada unha das unidades do temario e realizar un exame final da materia (80%, mínimo un 5). As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aragón, M., Eurrutia, M. y otros, **Diccionario de términos de turismo: francés-español, español-francés.**,

Laygues, A., Coll, A., **Le français en contexte.Tourisme**,

Bibliografía Complementaria

Duvillier, M., **Les mots-clés du tourisme et hôtellerie en espagnol**,

Corbeau, S., Dubois, Ch., Penformis, J-L., **Tourisme. com**,

Calmy, A. M., **Le français du tourisme**,

Lamoureux, J, **Les combinés du téléphone : pratique de la communication téléphonique**,
Lexitour, **Les 1700 mots des métiers du tourisme**,
Pierre, C. y Le Poullouin, M.L, **Lexi tourisme espagnol-français**,
Renner, H & U y Calmy, A.M., **Recap Tourisme. : Le français du tourisme et de l□hôtellerie**,
Chapron, J. 7 Gerboin, P., **Dictionnaire de l'espagnol économique, commercial et financier**,

Recomendacións

Outros comentarios

Se ben non é necesario ter coñecementos previos de francés, conven asistir con regularidade a clase e realizar un traballo contínuo para superar os contidos da materia, comprar con antelación o Método de lingua francesa (Le français en contexte: Tourisme, ed. Maison des Langues, 2014) e levalo a clase diariamente.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen

Avaliación contínua cos mesmos porcentaxes e os controis.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As clases levaríanse a cabo polo campus remoto e
as tarefas entregaríanse polo campus virtual.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Titorías virtuais no horario presencial

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarían

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Mantense o libro de texto de lingua francesa para o turismo.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense os porcentaxes da guía didáctica
Avaliación contínua: 50% (incluido a entrega do glosario)
Controis: 50 %

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo IC: alemán				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo IC: alemán			
Código	O04G740V01218			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Alemán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Maslanka , Johann Franz			
Profesorado	Maslanka , Johann Franz			
Correo-e	hmaslanka@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Introducción á lingua alemá con especial aplicación ó sector turístico			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en alemán procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en alemán, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en alemán, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.).	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
Unidade 1. Como soa o alemán	- Comprensión e pronunciación de vogais e consoantes a partir de internacionalismos, números, nomes típicos, apelidos típicos, termos xeográficos, abreviacións, nomes de enfermidades - Deletrear - Ler - Busca nun dicionario - Resolución de dúbidas de pronunciación - O discurso de clase
Unidade 2. Convencións sociais básicas: toma de contacto, estabilización de contacto, despedida	Saudarse, presentarse, despedirse, desculparse, dar as grazas, interesarse por alguén, felicitar, desexar boa viaxe, sorte, felices festas a alguén, dar un brinde en situacións do turismo hostaleiro, do ámbito da universidade e de clase. - Práctica de situacións estándar en clase como sinalar a non comprensión, pedir que se fale lento, que se repita, que se aclare, que se traduza, que se precise etc.. - Comentar diferenzas culturais entre as culturas de fala española e de fala alemá.
Unidade 3. Persoas e circunstancias persoais	Sobre nomes, direccións, idade, estado civil, nacionalidade, profesión, estudos, orixe (país, rexión, cidade, pobo), intereses persoais, datas importantes, gustos, formación, coñecementos (idiomas etc..)

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	11.25	16	27.25

Resolución de problemas	11.25	16	27.25
Lección maxistral	1	3.5	4.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	6	8
Práctica de laboratorio	1	7	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios, aulas informáticas, etc).
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Atención das consultas do alumnado relacionadas coas prácticas de laboratorio. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula de laboratorio).
Resolución de problemas	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos problemas e/ou exercicios realizados. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.	50	
Práctica de laboratorio	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación continua (que atañe ao alumnado que asiste con regularidade a clase y entrega os deberes) contará o 50%. De este xeito o exame final representará o 50% da nota final para eles.
No caso de non seguir a evaluación continua o 100% da nota é a obtida no exame final. O mesmo sistema se aplicará na segunda oportunidade (Xullo).

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2021-2022

No caso de conflito ou disparidad entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

http://dw-world.de,

http://idiomas.astalaweb.com/alem%C3%A1n/e/Diccionarios-a.asp,

http://www.aulafacil.net/CursoAleman/CursoAleman.htm,

http://www.deutschonline.de/Grammatik/inhalt.htm,

http://www.daf-portal.de/uebungen/index.php?viewCat=1%20,

Deutsch ganz klar (CD-ROM),,

-Deutsch im Hotel,

Zimmer frei neu:- Lehrbuch, Arbeitsbuch, Lehrerhandreichungen, 2CDs zum Lehrbuch, 1CD zum Arbeitsbuch, Langenscheidt,

Hallo aus Berlin (Video),

Schritte international 1, 2010,
Schritte international 2, 2010,
Menschen A1.1, A1.2, 2012,
www.turgalicia.es,
Menschen A2.1, A2.2, 2012,
Ja, gerne, 2014,
Herzlich willkommen, 2012,
Panorama, 2015,
studio 21, A1, 2013,
Linie 1 A1, 2016, Libro del alumno y ejercicios + audio + vídeoclips,

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen

-Resolución de problemas
-clases maxistrais
* Metodoloxías docentes que se modifican

- As prácticas de laboratorio elimínanse e sustituyanse polas metodoloxías xa aplicadas

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
-Titorías online no despacho virtual
* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas pendentes que se manteñen
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas que se modifican
[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

Se as probas son a distancia a proba mais importante o única vai ser oral pola sua alta fiabilidade

* Información adicional

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Linguas estranxeiras para o turismo ID: portugués				
Materia	Linguas estranxeiras para o turismo ID: portugués			
Código	O04G740V01219			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	González Vázquez, María Mercedes			
Profesorado	González Vázquez, María Mercedes			
Correo-e	mercedes@uvigo.es			
Web	http://http://estudoslusofonos.blogspot.com.es/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira coñecementos básicos da lingua e das culturas de expresión portuguesa de cara ao nivel A1/A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias
Código

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Descodificar e interpretar mensaxes en portugués procedentes de diversos ámbitos, con especial atención ao sector turístico.	
Expresar oralmente e por escrito mensaxes en portugués, sobre diversos temas e experiencias.	
Adaptar o nivel de lingua ás distintas situacións comunicativas, tanto coloquiais como formais.	
Xestionar a relación cos clientes en portugués, especialmente no ámbito do turismo.	
Aplicar as TIC á procura e selección de información variada (léxica, cultural, etc.)	
Organizar e desenvolver traballo en equipo en diferentes contextos e linguas.	

Contidos	
Tema	
Contidos gramaticais	Fonética; Ortografía; Verbo (presente de indicativo); Artigo; Pronomes persoais; Determinantes; Preposicións e contraccións.
Contidos léxico-semánticos	- Identificación persoal: Presentación (nome, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, data e lugar de nacemento, idade, sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión). - Os números. - As cores. - Actividades da vida diaria. - Partes do día. Días da semana. Meses. Horas. - Tempo libre e lecer: Xogos, deportes, prensa, radio, televisión... - Viaxes e transportes: Medios de transporte. - Relacións humanas e sociais: Invitacións e encontros; - Saúde e coidados físicos: Estado físico (dor, malestar) e necesidades corporais (sono, fame, cansazo, frío, ir ao baño...). - Compras e actividades comerciais: Establecementos comerciais. - Alimentación: Comidas do día. Alimentos básicos. - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: Estacións do ano. Fenómenos atmosféricos (calor, frío, choiva, sol...). - Aparellos de uso cotián. - Comer fóra: encomendar; bebidas e comidas; pedir a conta; eloxiar o servizo, reclamar.

Contidos pragmáticos	Tratamento; Falsos amigos.
Elementos de cultura portuguesa	- Atractivos de Portugal como destino turístico. - Presentación dos países de lingua oficial portuguesa.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	23	33
Foros de discusión	1	5	6
Traballo tutelado	10	23	33
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas
Foros de discusión	Práctica oral
Traballo tutelado	Sesións prácticas - traballo en grupo

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
